

CHALGAS D'ENTRAMBASAUGUAS

Martin de Villar

Resume: Nel artículo *Chalgas d'Entrambasauguas* recóyese a tradición oral da zona occidental d'Asturias que fala de tesouros escondidos nel territorio comprendido entre as auguas dos ríos Navia y Eo y más concretamente nel conceyo d'El Franco, unde nacéu el autor, y nos conceyos d'alredor. Tras d'este título atopamos as chalgas das Covas d'Andía, de Pico Alto, del Cabo Branco, del Pico del Filso y de Peneidrada, entre outros.

Pallabres clave: chalga, lleenda, cultura asturiana.

CHALGAS IN ENTRAMBASAUGUAS

Abstract: *The article Chalgas d'Entrambasauguas focuses on the oral tradition of the western area of Asturias and delves into hidden treasures in the territory between the rivers Navia and Eo more precisely in the Council of El Franco –the place of birth of the author– and the surrounding councils. Among others, the paper approaches the stories of the treasures of Covas d'Andía, Pico Alto, Cabo Branco, Pico del Filso and Peneidrada.*

Keywords: *chalga, legends, Asturian culture.*

EMPEZO

Ás veces anda ún como un abázcaro sin saber unde pousarse y chega de suta-que el momento de deixar de tar asorado y poñerse a escribir. Condo che sacan el tema das chalgas é como el rascar, todo é empezar. Y postos a investigar, basta contarye a daquéen un conto d'un tesouro escondido pa que che devolva tres. Aproveitando que soi natural del Franco, tan achegado d'antigo ás explotacións mineiras d'ouro y, por descontado, a todas as lleendas que d'ellas derivan, vou redactar aquí algúas notas del material que fun atopando nestos anos y centrar este artículo alredor das chalgas d'este conceyo del occidente asturiano.

Nun hai poble sin tesouro escondido nin paisano que nun soñase alomenos úa vez na vida con atopar ún. A xeografía da nosa terra ta chiscada d'exemplos,

cada cual con úa historia más prestosa, y os d'entrambasauguas entre el Navia y el Eo nun son miyores nin piores, pero son os que me tocóu escuitar dende neno hasta hoi y por eso quero deixallas aquí con muito orguyo.

A definición que más s'adapta a lo qu'eu entendo por chalga é a que dá Alberto Álvarez Peña, nel obra *Mitología Asturiana*, unde dice qu'as «chalgas nel occidente asturiano nun son outra cousa que tesouros ocultos que según a tradición foron abandonados polos moros ou antigos». El contido d'esos tesouros é de lo más variopinto y acertadamente este investigador resume todo con un párrafo nel que dice que «estas chalgas podían ser pitas cua súa pitada, vacas, cabras, toros y carneiros, todo d'ouro, potes chíos d'ouro molido, en polvo, peleyos chíos d'ouro, bolos d'ouro, etc.». A poesía al redor d'este conco axudóu, sin más, a fer ver el caldo del folclore.

Si xa nun ye fía muita falta ningún puxón al mito das chalgas pra caltrirse na peleya da xente, de sutaque había descubrimentos que fían espillar lleendas y contos. Cada vez que s'atopaban torques, monedas romanas, alxaxas d'orfebrería castreña, agasayos funerarios tumulares, etc., dábaseye más razón a todos os qu'afirmaban que debaxo da terra había cidades maraviosas feitas d'ouro. Nun hai duda, a xente d'antias osmaban qu'había tesouros nos castros y nas covas, debaxo del augua das fontes y dos llagos d'Asturias, nos enterramentos antigos y nas minas abandonadas... unde quera.

Nel Franco, as noticias que chegaban d'escavacióis nos castros como el del Castellón, en Castello, a aparición de pezas nos túmulos de Pusnovo, nos montes de Llebredo, el descubrimento d'esplotacióis mineiras romanas nas proximidades del Castrón d'Andía, entre outros acontecementos notables, corrían como el vento de boca en boca hasta el ouguido dos chalgueiros. El efecto nellos era inmediato. Pa ellos, si aparecían restos debaxo da terra era señal de qu'houbiera daquén vivindo allí y seguramente tarían inda allí os tesouros escondidos. Nos conceyos vecíos pasaba outro tanto: falar da Cova dos Mouros (Bual), os descubrimentos de Cartavio (Cuaña) de 1813, outro tanto nel castro de Cuaña (Cuaña) ou nel castro del Monte das Coroas da Roda (Tapia), por poñer exemplos, eran mecha pra prender el ánimo da xente buscadora de tesouros. Os chalgueiros botaban mao de llibros máxicos como el *Llibro de San Ciprián* ou de gacetas que daban indicacióis del sito exacto unde había chalgas escondidas. Úa d'estas famosas gacetas pasóu polas maos d'un vecín de Sueiro (El Franco) y falaba d'un tesouro escondido na «parroquia de Tuña, aseguran que nel castillo d'Alba, que ta al pé del que baxa d'Argumosu, qu'é el de Trevías (...) ten a porta al ponente del sol (...) a seis pés de fondo unde ta a mezquita enterrada. Ten un ídolo d'ouro y antias da mezquita ta un xigante que ten

na mao úa cimitarra y na cabeza un morión de valor (...) y xunto a él dous caldeiros de cobre chíos d'ouro y plata, pendentes d'úa barra de plata y fora d'estos, túnicas con muitas alhaxas de plata y mesa de llabor por llabrar».

Quén sabe si xa se desenterrarían todos os tesouros que se falaban. Quén sabe si eran certos ou chanzas. Pola mía parte, lo que si sei é qu'a estas alturas nun vou estenderme más falando de lo que son chalgas y de cóntos tipos ou razas hai. Quero más deixar representadas as historias da mía terra, as que llevo escuitando dende neno y pa eso nun hai nada miyor que soltallas tal cual más contaron a min.



Fig. 1. A bacita del Solartedo agora sirve d'escalcira pa subir al cabazo

A BACITA DEL SOLARTEDO

Os temas d'estas lleendas son de lo más diverso y hasta son contadas en muitos casos como verídicas. Nun é d'extrañar que parte del argumento inicial fose real y eso dábaye inda más credibilidad. Así conta Quico de Fabín, d'Andía (El Franco) el orixe d'úa bacita de pedra qu'hai na súa casa dende tempos mui veyos:

Presuntamente foi verdá, a bola da bola de Loli, mía muyer, afirmaba que foi verdá. É a historia d'úa pedra. E úa bacita que forma parte d'úa lleenda qu'empieza nas Mestas con

un probe que vía pidindo polas portas. Iba camín de Cova pero fíxoseye noite y pidíu cobixo pa pasar a noite núa casa das Mestas. Encontróu a casa pero resulta que taban reñindo naquela casa. Reñían entre a muyer y el home...y hasta reñiron con él y todo. Entós nun tuvo más remedio qu'irse.

Paróu noutra casa y preguntóu si ye daban cobixo pa durmir. Y allí sí. Invitáronlo a durmir, deixáronye úa cama, déronye de cenar y todo mui ben. Antias d'irse pa cama díceye el paisano al da casa:

–Tu, como fuche tan amable, vou enseñarche unde hai un tesouro. Mira, por este camín, en dirección al Villar de Cuaña, hai nel medio úa llouxa grande. Si la ergues, debaxo vas encontrar un tesouro.

El home d'aquella casa era panadeiro y todos os días salía al ameicer con úa cestada de pan na cabeza pa vendello en Navia. El probe foise y el panadeiro nun yo creu. Pero condo foi vender el pan víu a llouxa y chocóuye.

–Pero si aquí paro eu todos os días a descansar un pouco. A ver si vai ser verdá lo del tesouro.

Él... é que foi a Navia vender el pan y... a tardía, condo volvía pa casa, pensóu en ir erguer a llouxa. Foi a casa, coyéu un pico y palancas y foi erguer a pedra. Y vai y levanta a pedra y efectivamente, debaxo había monedas y ouro en pepitas grandes. Como xa era al escurecer, coyéu todo aquello qu'había más gordo y llevóulo pa casa.

Dicen qu'a partir d'aquello deixóu de vender pan, prosperóu un milagro y fóiye ben.

Al outro día, úa vecía d'él iba pol mesmo camín y víu aquello todo erguido, y víu úa bacita de pedra que había nel furao unde el outro encontrara el tesouro. Coyéu un puñado da bacita.

–¡Ui! Mira que cinza más fina y qué color más raro ten. ¡Qué guapa!

Nesto tiróu un pouco nel augua d'úa poceira y víu que rellucía. Al parecer era ouro molido en polvo. Coyéu nel mandil todo el que puido hasta deixar a pedra valleira. A paisana tamén prosperóu, enriquecéu y fóiye ben. Y, según contan, a bisabola da bisabola dos de Fabín d'Andía pasóu tamen pol camín y víu a bacita y dixo:

–¡Ui! Esta bacita é buenisima pa comedeiro dos cochos.

Foi buscar al home y col carro y as vacas cargaron a bacita de pedra y esa bacita ta hoi na nosa casa, a casa de Fabín. ¿Daste conta? El primeiro pillóu lo más gordo, a segunda muyer coyéu lo fino y a terceira inda aproveitóu a bacita. Aquí sempre tuvo de bacita pa os cochos y condo vin eu p'aquí fíxose outro cubil con úa bacita de cemento y ésta quedóu aquí fora, que pa subir al cabazo ta bárbara. Y foi al sacalla del cubil condo contaron a historia.

A GRADE DE PICO ALTO

Outras lleendas tán achegadas a antigos túmulos, como os enterramentos prehistóricos de Pusnovo que foron descubertos en Pico Alto, na lladeira franquía da Serra de Penouta. As ofrendas qu'acompañaron al cadáver foron despós motivo d'espolio

en busca de tesouros y acabaron dando pé a outras tantas lleendas. Azucena das Sellas, vecía d'este conceyo, recorda lo que contaban condo ella era pequena:

Nas Cheiras del Hurrio, cerca de Pico Alto dicían qu'houbera un asentamento de buscadores d'ouro, qu'atoparon muito y que condo marcharon quedaron allí grades d'ouro. Dicían que condo pasaban as oveyas y as cabras ruxían os cascós petando contra el ouro, pero, enchéronse de cavar allí despós y nada sacaron.



Fig. 2. Xanza unde buscaron a grade d'ouro de Pico Alto

Muitos d'estos testimonios aparecen aquí y alló, y aunque parezan nun ter conexión, el caso é que coinciden. Consistencia tein, alomenos. Cerca d'allí, en Cova (Bual), Mabel da Brañaveya tamén escuitóu el mesmo conto y recorda, de sempre, que lo contaban como verdá:

Tamén dicen qu'aquí enriba en Pico Alto hai úa grade d'ouro enterrada. Dicían que despós andaban por allí allindando as oveyas y petaban cos cascós na grade. ¡Y pode ser verdá! Dicían que si pasabas por allí col caballo, sonaba petar na grade qu'había debaxo.

As oveyas y os tesouros sempre tuvieron úa estreta relación. Por toda Asturias fálase de chalgas que tán enterradas superficialmente, que las destapa el casco

d'úa oveya con pouco qu'escazape, pero que se pon daquén a buscallas y nun aparecen. Tal é el caso del conto que sabe Lucita d'Añides (Castropol):

Tesouro dicen que lo hai nel Pico del Filso, ei na Bobia. Aquí falan d'ua mina que ten un tesouro, que baxas nun sei contos metros y escavas y atopas un caxón grande con ouro dentro. Por aquí sempre se dixo:

Dende el Pico del Filso
 á Fonte Sagrada
 hai un tesouro
 que paga la España,
 que nun lo descubre úa reya,
 descúbrelo úa pata d'úa oveya

Eso é que ta mui pouco enterrado, casi en conto ta tapado. Dician que fora dos celtas, dos moros ou eu qué sei. Allí algo había...había un furaco mui llargo. Meteron un can enriba y salíu embaxo a úa distancia terrible. Dende el pico, allí enriba, baxóu embaxo unde el Pereiro. Agora estropióuse todo, pero había ei us castros, chamábanyes castros. Había paredes y casas... pero fixéronse pistas condo a parcelaria y nos montes desfixeron muito. Inda nun prado por allí dician qu'había tumbas antigas.

CHALGAS DA SORTE

A temática al redor del ouro daba pa muitos argumentos y ún d'ellos fala da xente que por un golpe del destino descubría ouro. Era corrente naquellos tempos achacar a prosperidá del vecín á aparición d'algúa chalga que fía cambiar a economía da casa pa miyor en pouco tempo. Y si nun se sabía con seguridá, presumíase qu'era así. Si daquén con poucos medios salía de probe da noite pa mañá, axina se ye achegaba el conto de qu'atopara algún obxeto d'ouro. Esta historia, localizada en Cova (Bual), pobo que víu nacer á citada Azucena das Sellas, espeya bárbaramente estos casos. En palabras d'ella:

Na casa de Cerrume de Cova, meu bisabolo casárase con úa das Mestas y allí déranye un pedazo de terra: un monte. Este home, qu'era probe como as arañas, tía iniciativa, cavóu y cavóu y fixo ua finca. Condo taba acabando atopóu úa balanza de pesar ouro, se dicía, que taba toda ferruyenta. Taba inda agora allí pol desván. Despós arrimáronye el conto de qu'atopara úa mina d'ouro allí, que sacara ouro a montóis y dende entós dicían-ye esta jaculatoria:

Cerrume erguéu as oreyas,
compróu vacas y oveyas.

Dicían que meu bisabolo cavando nel monte del Machón encontrara lingotes d'ouro y muitas monedas del mesmo metal. ¡Cerrume encontróu muitas monedas!, ¡Cerrume era probe pero con tantas monedas puxo parcerías grandes y pequenas! Como comprenderás todo era invención de *mentes sencillas* que nun entendían que col trabayo se conseguise miyorar a situación...

El mesmo conto con pequenas variacións contóulo tamén Esperanza da Brañaveya, de Cova, que vive achegada á casa de Cerrume, hoi deshabitada:

Cerrume atopara úa romana d'ouro fendo úa corte p'as cabras alló embaxo nel Machón, nel monte aquí hacia os Lloureiros qu'era dos de Cerrume. D'eso da romana fai muitos anos. Eu nun sei si la vendera ou non... ¡a min nun me tocóu nada! (risas). A romana aquela dicían que la atopara el albañil que taba fendo a cuadra das cabras, pero que fora Cerrume y dixéraye:

– Non, home, non. Eso tíralo que nun vale nada.

El paisano tiróula y despós Cerrume quedárase con ella. Y pode ser verdá porque aquela casa medróu muito en pouco tempo. Dicían que condo la taban fendo, tu mira lo grandes que taban fendo as paredes, que pasaban os bois col carro pola parede. Arriaban a pedra pa paredar y cabía el carro nel anchura da parede... ¡Vei tu saber!

Nel conceyo vecín de Castropol contan úa historia ben aparecida d'un home que s'enriquecéu, medróu el caseirío, aumentóu as propiedades, y axina ye sacaron a explicación correspondente. A vida de José, el Pito de Leirío, ten pa un bon relato gracias a memoria da sua bisneta Julia, y el sou home Alejandro, qu'unque nun chegaron a conocello foron recoyendo as andanzas del fundador da casa. Entre ellas ta a lleenda del Santo Cristo d'ouro qu'atopara el Pitón veyo y que lo fixera rico.

Dicen qu'aparecera un home en Leirío dicindo qu'había un tesouro enterrado na Serra da Bobia debaxo del último toxo unde daba el sol. El Pitón foi con él en busca del sito y cavaron hasta atopar a tapa que lo cubría, pero fíase de noite y deixaron el trabayo hasta el outro día por medo a os llobos. De noite, el Pitón nun s'aguantóu y volvéu p'alló. Desenterróu a imaxe, arrastróula hasta un sito seguro y volvéu deixar a escavación como taba. Al outro día volvéu col socio, cavaron y solo atoparon el sito vacío, lóxicamente. Despós d'aquello, dicen qu'el Pitón foi llevándolo en pezas a Ribadeo hasta que lo vendéu todo y así fixo a súa fortuna.

Por aquela zona foi mui comentado el caso, pero tamén chegóu el conto muito más llonxe y eso al Pito, fose verdá ou fose mentira lo del santo Cristo

d'ouro, nun ye fixo ningún ben. Al osmar qu'había ouro na casa d'este home dicen que ye entraran roubar úa noite que lo coyeron desprevido. Lucita d'Añides (Castropol) inda aporta muitos más datos en torno a todo lo que pasou nos tempos del fundador del caseirío de Leirío:

Dicían qu'había un tesouro unde ta el primeiro toxeiro unde daba el sol al ameicer del día de San Xuan. Dicían qu'era ei hacia a Bobia. Por allí pasaron ús contando lo d'esa lleenda y díxoyes qu'eso allí nun esistía, qu'era todo mentira. Però él aprendéula y despós dicía que fora por esa lleenda como él soupera del tesouro. Y atopóulo.

Peró despós al Pito de Leirío secuestráranlo. *Bueno*, nun marcharan con él, però roubáranlo. Veran dende Bilbao a rouballo úa noite. Vían cuatro ou cinco, pasaran pol Campo da Bobia y iba un neno d'allí cuas oveyas que los víu que casi yes tuvo medo del mal carácter que tían. Y despós aquella noite foron roubarye al Pito. El Pito tuvera obreiros na casa y aquella casa era rica, non muito però al pé das outras del poble de Leirío, pos sí; en cada poble había úa qu'era más. Os obreiros al marchar avisaran al Pito qu'había aquella xente allí, que tían mala pinta, però el tomóuyelo a broma y mandóuyes pasar. Desque marcharon os obreiros, entraron y pasaron pa dentro y atáronlo de pés y maos. El Pito tía un neno que tía dez anos y tía úa criada. Había úa trampella y a criada tiróuse fora, pá corte, y marchóu pal poble avisar. Inda ye tiraron un tiro. Déronye núa perna... ¡que vían armados!, però escapóu. El neno quedóu dentro y al parecer adormecéu. En conto avisóu a criada veron os del poble con palos, berrando y con ganchas... però tiráronyes dous tiros al alto y volvéronse. Coyeron medo.

Os lladróis anduveron reveirando a casa toda y roubaron el que poderon. Al Pito deixáronlo atado dentro y ellos deitáronse a durmir. A criada, como sabía da trampella entróu, cortóuyes as cordas y marcharon pal monte. El neno quedóu allí pal outro día, que lo atoparon chorando, però sano y salvo. Y despós d'aquel incidente el Pito Veyo coyéu tanto medo que coyéu y marchou d'allí. Y eran de Bilbao, que despós coyéranlos. Ellos vían en busca d'eso porque el Pito atopara un tesouro d'ouro y que lo callara, però iba levando pa úa *joyería* y acabóu sabéndose.

Peró éstos nun foron os únicos casos d'enriquecerse sin explicación aparente. Houbo muitos contos aparecidos por toda a contornada. Además eran de dominio popular porque comentarios d'este tipo axina chegaban al ouguido de todo el mundo. Esperanza da Brañaveya tén recordos pa contar y nun parar:

Aquí na Casa del Valle de Cova hai úa fonte y dicen qu'ei llevóu el augua un boi d'ouro, un día úa ríada, llevóulo el río. Un boi d'ouro, vamos a ver, un pelleyo d'un boi chen d'ouro. Eu nun sei qué foi aquello. Son lleendas qu'había... Tamén dicían d'úa muyer d'aquí das Sellas (As Mestas, Cuaña) que tía na casa úa medida chía d'onzas d'ouro, ou con monedas d'ouro, nun séi... el caso é qu'ella andaba coas oveyas pol monte, però dicían eso. Digo eu que si tuvera tan rica nun andaría coas oveyas tirada pol monte...

EL TESOURO DA FINCA

A opción oposta á d'enriquecerse por sorte era a de fello trabayando. As noticias de que fulano en tal sito atopara un cabrito d'ouro arando cos bois ou que mengano nun sei unde dera cua eixada contra úa bolsa de monedas mentres cavaba nel monte eran un estímulo nos llabores del campo. Contando estas historias al tempo que se trabayaba parecía que s'erguía a moral del llabrador y así doblaba de miyor gana. Como mostra d'esta temática concreta queda el conto escuitado de boca de Teresita de Gudín, d'Aracedo (El Franco):

Esto era un padre que se taba morindo y díxoyes a os fiyos que yes tía que contar algo antias de morir: que tía un tesouro escondido na finca que yes deixaba en herencia, pero que nun s'acordaba únde lo enterrara, que nun sabía únde lo esconda.

A os fiyos quedóuyes aquello na cabeza y condo moriu el padre pos empezaron a buscar el tesouro. Empezaron a cavar por toda a finca y a revolver terra d'un llado pa outro a ver si lo atopaban. Pero nada. Condo acabaron de fer furadas por un llado da finca, empezaron outra vez pol outra punta, virando a terra d'al dereto y d'al revés.

Derónye muitas voltas á terra y nun atoparon tesouro ningún. Acabaron por darse conta de qu'el tesouro que yes dicía el padre é que de tanto mover a terra, aquella finca despós producía muito. Cualquer cousa que llababan dábase en cantidá porque la trabayaran muito... y el tesouro da finca era ese.

A enseñanza que che deixaba este conto é que trabayar era el único tesouro, que nun ibas enriquecer d'outro xeito. En definitiva, qu'había que deixarse de soñar y poñerse a trabayar. Pero trabayar nun basta si se quer atopar un tesouro. Hai que mirar ben lo que se fai. Basta ver lo que ye pasou a dous homes del conceyo de Bual según un relato que contou Lucita d'Añides:

Tamén dicían d'outro d'hacia Bual qu'ouguira daqué d'un tesouro enterrado y mira como son as cousas. Outro vecín fixera ua xanza pa meter a roda del carro pa cargar el mollido. ¡Pero mesmo pegado al tesouro! ¡Y nun lo viu! Y despós véu el outro cua lleenda y mirou nel mesmo sito que dicía á lleenda y mesmo pegado na xanza que fixera el outro, atopou el tesouro.

A LLEENDA DEL ENCANTO DA FONTE DEL VERAO

En muitos dos relatos cos que se viste a tradición chalgueira asturiana aparece como protagonista principal úa encantada (que nun debe confundirse cua

xana) que guarda el tesouro de turno y que recibe tamén el nome d'Ayalga, ou Chalga, igual qu'el tesouro. É verdá que, por extensión, el tesouro acabóu tamén dando nome en muitos sitios á encantada que lo guardaba y, as menos das veces, tamén se ten usado pra falar da obsesión que sufría el chalgueiro por atopar tales tesouros. Na Andía, pobo arrodado de lleendas en torno al Valle Feliz, unde en tempos dos romanos houbo úa importante escavación mineira, nun é difícil atopar encantadas que tein a pelambreira d'ouro y que se peinan con un peine del mesmo metal. Loli de Fabín, vecía d'este pobo lleva escuitando dende que ten uso de razón a Lleenda del Encanto da Fonte del Verao:

A fonte unde antiguamente s'abastecía todo el pobo d'Andía secaba condo chegaban os meses de calor y claro, os vecíos tían que coyer augua d'outro sitio. Y, ¿qué fian? Pos iban buscar augua á que ye chaman Fonte del Verao, que ta más embaxo. A xente nun iba de búa gana porque quedaba más llonxe. Bueno, esa a primeira razón, pero hai outra más importante. A xente tía muito respeto á Fonte del Verao porque alreor d'ella corría úa lleenda un pouco tenebrosa. A xente tía medo porque podías quedar coxo si cayías nel encanto d'aquella fonte.

Dicen qu'allí, na noite de San Xuan, aparecíase úa encantada con cabelos d'ouro que se peinaba con un peine tamén d'ouro. Por allí pasaban os chavales del pobo y ella preguntábayes si yes gustaba. Todos dicían que sí, qu'era mui guapa, que cómo nun yes iba gustar. Tamén preguntaba si yes gustaba más ella ou el peine d'ouro. Todos dicían qu'el peine era mui guapo, pero non tanto como ella. Nin con muito. A encantada, al escuitar aquello, quedaba fascinada de contenta y esfumábase.

Peró un día un chaval díxoye qu'ella era mui guapa, pero qu'el peine era muito más guapo. Díxoye qu'era un peine d'ouro, que ye gustaba más. Entós ella enfadóuse con él, púxose furiosa. A encantada tiróuyे col peine al mozo y clavóuyе núa perna. El chaval quedóu coxo de por vida y ella quedóu castigada polos siglos dos siglos a quedar metida na Fonte del Verao d'Andía y solo sale na noite de San Xuan.

Tal é a crencia nesta lleenda nel pobo d'Andía que cada vez que daquén anda coxo, ou condo s'aparece un coxo por allí, dicen qu'é por culpa da encantada, que ye tiróu col peine d'ouro.

LLEENDA DA MORA DAS POLÍAS

Estos encantos son típicos da zona, así como del resto d'Asturias, y nun deixan de ser ben guapos. As referencias escritas nun son muitas pero abondas pa deixar pouso de lo que foi el pasado nestas terras. El llibro *El Franco y su concejo*, de

Marcelino Fernández y Fernández, afonda con agayo na Lleenda da Mora das Polías y as riquezas escondidas al pé del Cabo Branco, en Valdeparees.

Allí hai sin duda estandartes d'ouro, pitas con pitíos del mesmo precioso metal, inmensas y hermosas salas subterráneas unde elegantes damas sirven a sua encantada señorita, castigada así d'orden de sou padre y mediante a habilidá d'un moro adivín, por vella enamorada da esbeltez y valentía del vencedor Rei Castro. Y nun estraña a existencia de tales riquezas porque na parte Este del cabo hai úa praya qu'hoi se chama Cova d'Ouro, unde os moros sacaban el ouro por miles de toneladas.

El castro del Cabo Branco, según as últimas datacións arqueolóxicas, tuvo ocupado entre os siglos VII a.C. y el II d.C. El pasado mes de setiembre de 2019 el arqueólogo Ángel Villa daba úa conferencia nel Auditorio das Quintas da Caridá y esplicaba qu'este castro «forma parte del grupo d'asentamentos fundados nas fases más tempranas da Edá de Ferro. Este fenómeno castreño tén úa imprantación mui antiga, trescentos ou cuatrocentos anos antias dos romanos. El mundo romano é el epílogo, el tramo final da ocupación d'un poblado que tía úa vida mui anterior. A ocupación romana foi algo efímero, nun superóu un siglo. Aquellos moradores prerromanos desaparecieron pero os relatos alrededor d'ellos foron mezclándose cua mitoloxía da zona y chegaron hasta hoi ben lozanos. Alberto Álvarez Peña, entrevistando fai anos a D. José María Bedia, cura párroco de Valdeparees, sacaba muita información, y xuntándola col testo de Marcelino Fernández y Fernández nel llibro *El Franco y su Concejo*, esta lleenda quedóu tal qu'así:

Al fondo da Senra de Valdeparees, contra el mar, xunto al ribeiro das Polías, hai úa fonte unde s'aparecía úa señorita encantada na noite de San Xuan. Contan que deixaba enredado entre os sous rizos dorados a quen tocase col sou peine d'ouro. Dicen que pola mañá deixaba nel ambiente un olor agradable aparecido al del pan recién feito. A probe taba allí retida pol encanto que ye botara sou padre y qu'agora vou contar.

Separado da Senra por cuatro cárcavas ta el mítico Cabo Branco, llugar unde el último rei dos moros resistió os ataques del rei cristiano, el rei Castro. Según conta a lleenda, na fortaleza del Cabo Branco os moros guardaban enormes tesouros, defendidos en último término por un furao fondo que fía d'esta punta casi úa isla separada da terra firme.

Entretanto duróu a contienda contra os cristianos, a fíya del rei moro namoróuse del rei Castro, algo que nunca ye perdonaría sou padre. Gracias ás habilidades d'un adivín, el rei enteróuse da falta de lealtá da súa fíya al namorarse del enemigo. El rei moro castigóula por encantamento a vivir pa sempre na conocida como Cova del Ouro, a os pés del acantilado del Cabo Branco, unde dicen qu'había d'este metal precioso por miles de toneladas.

Naide atopóu nunca el xeito d'entrar ás salas unde taba presa a princesa encantada, anque dicen que taban chías d'estandartes d'ouro, inmensas cantidades de monedas d'ouro y hasta pitas con pitíos d'este mesmo metal. Dichoso d'aquel que fose quen a dar cúa princesa y romper el feitizo, pos así lo recordan as veyas lletras dos llibros d'historia: «¡Feliz el mortal que llograra desfer el Encanto das Polías! Casaríase cúa señorita mora, que se feiría cristiana, y sería dueño d'inmensas riquezas y tesouros».

En muitos dos relatos asturianos semeyantes a éste aparece un cuélebre custodiando á encantada y al tesouro y teño que dicir que nos qu'a min me contaron nun aparece ningún. Tamén teño que dicir que sempre se falóu por estos sitios d'un colobrón con alas tan grande que dicen que chegaba dende Arancedo hasta Llebredo, y qu'a forma ondulada que ten a Serra de Cuadramón ven dada pol lombo d'aquella colobra al cayer al tarrén condo ye deron morte.

EL BOI D'OURO DAS COVAS D'ANDÍA

Os moros, antigos pobladores d'estas terras nos tempos paganos antias del cristianismo, deixaron mención d'inmensos tesouros d'ouro enterrados en grandes galerías subterráneas, auténticas ciudades unde vivían escondidos entre úa nebra de misterio que los envolvía. Santiago da Carbayosa, de Llebredo, Manolo del Couz y Arsenio da Ponte da Veiga, d'Arancedo, contáronme esta lleenda que deixéi escrita nel llibro *Había úa vez...101 contos del conceyo del Franco* d'este xeito:

Conta úa lleenda mui antiga que na parroquia d'Arancedo, allí unde ye chaman As Covas d'Andía, había úa ciudá subterránea que dicían taba encantada. Dicían que debaixo da terra había casas, xente, animales y ouro... muito ouro. Allí había un poble entero unde se trabayaba el arte da fundición de metal noble y practicaban como naide a forxa de ferro, pero todo con ferramentas d'ouro. É por eso que ye chaman el Valle Feliz a todo aquel terreno que queda entre el río Mazo y el regueiro da Veiga del Torno, coronado nel pico de todo pola Pena da Llamúa, un penasco enorme por unde dicen que taba a entrada á ciudá encantada; anque nunca naide foi quen a encontrar esta entrada ou, alomenos, naide volvéu pa contallo.

Conta a lleenda que naquella ciudá encantada vivían moros, os primeiros habitantes del noso conceyo, seres con poderes fantásticos que vistían elegantes traxes con botonaduras d'ouro. Hasta hai quen xura qu'allí vivían personas qu'éran enteras d'ouro. As riquezas allí eran inmensas.

Pos el conto é que dicen os más veyos que fai muitos, muchos anos, había un home que vivía un pouco p'arriba del Caleiro del Llamazo. Resulta qu'aquel paisano coyéu y foi

a feria del Gumio a comprar úa parexa de bois. Tuvo mirando todo el gado y escoyóu os miyores. El vendedor pedíuy a cifra más alta que se ye ocurrió y el home sacóu monedas d'ouro del bolso y pagóulos nel momento, todo al contado. Y nun coyóu fiador nin falta que ye fía. Tanto ye pidiron polos bois, tanto coyóu d'ouro da chaqueta, sin regatiar un pe-r-rón. Aquello xa deu muito que falar y como allí naide lo conocía, chamóu muito a aten-ción. Y sobre todo repararon nél porque os botóis da chaqueta que llevaba eran d'ouro.

Al acabar a feria, el home coyóu os bois del ramal y volvéu pa casa. Como sospecha-ban d'él, algús veron siguíndolo todo el camín sin que se dese conta, a ver en qué acababa aquello. El home volvéu pas Covas d'Andía outra vez y, condo chegóu, taba esperándolo a súa muyer, que tamén tía botóis d'ouro nel vestido, mentres coyía un brazado d'herba. Xuntos botaron andar y falaban anque nun se yes entendía el que dicían. Un pouco p'alló, pararon en frente á Pena da Llamúa y el home deu úa patada ben forte na terra y abríuse a pena al medio. Pola grecha que s'abríu na terra entraron os bois y ellos detrás, y al momen-to pechóuse a terra derriba d'ellos. Resulta qu'os bois eran pa comer él y a súa familia, que vivían todos debaxo da terra y, como era sabido, aquello foi mui comentado.

Aquel conto foi pasando de boca en boca, de xeneración en xeneración y nun fai muito qu'houbó quen foi cavar al sito a ver si encontraba daqué. A lleenda dicía que naquel sito taban enterrados dous bois d'ouro y qu'el que quixera atopallos nun podía nomar a Dios en ningún momento.

Dicen que muitos foron allí buscar. Dicen qu'el qu'atopase el boi d'ouro había ser rico pa sempre. Dicen que cavaron y cavaron hasta que s'aburriron. Y dicen qu'un día cavando na terra acabaron por atoparye os cornos a un boi d'ouro. Hasta aseguran que chegaron a destaparye a cabeza...

– ¡Gracias a Dios qu'aparecéu! –dixo el que lo atopóu.

Entós, cumplindo lo que dicía a lleenda de que nun se podía nomar a Dios, el boi empezóu a recular y metéuse debaxo da terra. Tal foi que nun foron quen a dar con él outra vez... ¡Nunca más!

El llugar hoi ten gran reclamo turístico y xa dende fai anos é noticia nos medios de comunicación. Declarado Monumento Natural, el entorno del Valle Feliz é un precioso paisaxe con carcavóis, cortes (d'hasta cen metros de des-nivel), furaos, covas y pozos que ye dan úas formas ben caprichosas. É digno de ver. Un viaxeiro del siglo XVIII, conocido como Guillermo Schulz, deixaba constancia da existencia d'un llavadeiro d'ouro, anque a día d'hoi nun se sabe unde ta. Por outra parte, os arqueólogos que trabayaron nos castros da zona fo-ron dando conta das pezas qu'iban destapando (entre ellas un tesouro non mui grande de denarios de plata fruto das escavacióis dos hermaos Sánchez del Valle de 1947), y así inda medraba más a crencia de que debaxo da terra había riquezas asgaya. Alló polos anos oitenta del siglo XX el periódico *La Nueva España* daba conta de viviendas escondidas baxo terra en Arancedo nun artículo que fala de

que «nel brao de 1953 fixo escavacióis allí el profesor Jordá Cerdá, poñendo al descuberto un poblado mui parecido al de Cuaña, anque posiblemente de maior tamaño».

Algo importante deberon atopar aqueles arqueólogos pra despertar úa fiebre nos habitantes del conceyo que yes fixo andar durante as décadas siguientes en busca d'aquella ciudá subterránea unde abundaba el ouro y na qu'hasta a xente qu'allí vivía tía roupa con botonaduras d'ouro. Falaba a prensa d'un...

...poblo subterráneo de proporcións maraviosas pese a que naide lo podese ver nunca y vir contallo despós, con entradas que nun se poderon descubrir inda, y con casas. Però sobre todo ¡con cantidades inmensas d'ouro! (...) Como suele ser tradicional en todas estas lleendas, a xente oculta que vive baxo el tarrén d'Aracedo serían moros.

Sempre s'ouguíu dicir pola zona que daquén atopara un cabrito d'ouro nas mochoas al tar arando nun eiro da zona y atazar a reya contra él. Eu llevo escuitándolo dende qu'era neno. Ese tipo de descubrimentos, reales ou inventados, alimentaban inda más el afán de buscar tesouros.

EL POZO DA MINA DEL AUGUA VERDE

Todo aquel sito ta asentado nel antigo yacimiento mineiro del Valle Feliz, centro d'esplotación aurífera dos romanos neste conceyo del occidente asturiano nos siglos I y II d.C. El sito da pa recoyer úa lleenda tras d'outra según se fala cua xente da parroquia. Solo con visitar el fabuloso enclave das covas xa che ablanda a molleira pa crer todo conto che digan. Sobre el Pozo da Mina del Augua Verde, Luis d'Abeyeira, d'Andía, conta esta historia como verdadeira:

Dende mui antigo sempre se dixo qu'había un cabrito d'ouro y muitas monedas tamén d'ouro, todo enterrado nas Covas d'Andía. Cada pouco iba xente buscallo, pero naide sabía únde buscar a cencia certa. Pos resulta que por úa lleenda que contaban os más veyos d'Andía, houbo ús qu'empezaron a escavar na Mina del Augua Verde. Os veyos dixéronyes que fixesen un pozo fondo abondo y que baxasen hasta dar con úa baldosa, que debaxo habían encontrar el tesouro: el cabrito d'ouro y as monedas.

A lleenda que contaban dicía tamén que mentres escavaban, en ningún momento se yes ocurrise nomar a Dios, nin pa ben, nin pa mal. Entós foron cavando y cavando y sacando el augua del pozo con úas bombas. Despós d'úas horas xa iban mui ben embaxo y taban cansados de trabayar. Llougo taban aburridos de cavar naquella terra raposega y xa iban irse porque nun daban atopado nada.

Algús xa daban aquilo por perdido, como si a lleenda fora úa chanza del mal gusto. Pero núa d'éstas vai ún, deu úa picuada y topóu duro. Entós van, destaparon y encontraron a baldosa:

– ¡Gracias a Dios! –dixo ún.

Peró nesto, al nomar a Dios, sintiron un ruido grandísimo, un estruendo mui grande, y baxóu un penasco rodando y arrimóu á entrada da mina, deixando el sito xusto pa salir por un furao. Tras d'aquello, empezóu a subir el augua del pozo a toda presa y as bombas nun daban achicado. Os homes apuraron a salir del pozo a toda presa porque los tapaba el augua. Un augua verde que nun deixaba ver el fondo. Saliron todos pol furao nel momento preciso en qu'el augua enchía el pozo, si non afóganse todos allí.

Dende aquello nunca más se volvéu escavar na Mina del Augua Verde, aunque inda hoi se pode ver el pozo chen d'augua y a pedra que casi lo cubre.

Quico de Fabín tamén sabe esta lleenda, del mesmo sito, aunque con variantes. Además noma os dous castros d'Andía y pon outra vez de manifesto a relación entre ruinas y lleendas:

Más enriba dicían qu'había un tesouro cerca das covas el cual, en su momento, tuvieron un camello y úa camella durante venticuatro horas arriando ouro dende a Corona del Castro hasta el Castrón. A Corona del Castro é nese monte piquín que ves ei... y el Castrón é unde se sube pal Valle Feliz, unde a Pena da Llamúa, pa que m'entendas. Presuntamente lleváronlo pa úa ubicación ei nas covas. Mui to tempo despós escavaron pa buscar el tesouro y nun se podían acordar de Dios. Y cavaron y cavaron y atoparon dúas penas separadas y viron que detrás das penas taba el tesouro. Víronlo y ún d'ellos dixo:

– ¡Gracias a Dios que lo atopamos!

Y entós as penas zarráronse y empezóu a manar augua nel furao...¡que tuvieron que salir por patas!

Quico de Fabín ten as Covas d'Andía estudiadas de riba a abaxo, hasta s'acorda de condo nun había árboles allí y taba todo de prado, y é das personas que más historias sabe d'aquel sito:

El tema dos tesouros aquí taba mui arraigado porque ei nos tempos antias da guerra, el pobo d'Andía y un señor d'Avilés que ye chamaban Difuntín, qu'era el dueño del Valkenburg, el barco que se fundiu despós en Porcía. Difuntín recibíu el nome porque condo era novo, aparentemente moríu. Déuye un ataque, quedóuse, y foron enterrallo. Condo iban pol camín, erguéuse da caxa... por eso recibíu el nome de Difuntín. Despós era úa persona que debía ser mui gorda y el padre de Loli falaba de que tía trenta y dous botóis na petrina, dicía que nunca petrina tan grande vira. Entós había el dito de «¡comes más que Difuntín!».

Entós el Difuntín y el poble d'Andía fixeron un pacto y puxéronse a buscar el tesouro das Covas. Difuntín poñía os medios y el poble d'Andía a mao d'obra. Poñíanla de tal xeito qu'el cincuenta por cen de lo qu'atopasen iba ser para Difuntín y el outro cincuenta por cen a repartir en partes entre os vecíos. As partes eran que si tu trabayabas medio día, tías media parte. Entós había paisanos d'Andía que tían media parte cada ún con outro: ún iba pola tarde y el outro pola mañá. Y el qu'iba el día entero, pos tía úa parte. Era así.

Y lo que fixeron foi furar en todas as covas y chegaron a lo que ye chaman el Camín Branco y viron qu'había úa oquedá chía de terra. Empezaron a cavar, a cavar, a cavar... y encontráronse que manaba augua y entós Difuntín tróuxoye úa bomba p'achicar. Todos os días sacaban el augua y seguían cavando, pero chegou un momento en qu'a bomba nun daba abasto: manaba más augua da qu'achicaba. Y vai Difuntín y tróuxoyes un motor diésel con más capacidá de bombeo. Condo lo arrancaban pola mañá dicían que se fía un río d'augua alló más abaxo. Mira lo grande qu'era. Dicían que chegaran furando un montón de metros pr'abaxo. Ese pozo hoi ta chen de maleza, muebles veyos, vacas mortas, ¡qué sei eu! Nesto chegou a guerra y chamóu al frente a casi todos os implicados y acabóuse a escavación sin aparecer el tesouro. Y despós entre el pillaxe qu'houbó, porque aquello quedóu sin vixilar, desaparecéu todo... hasta a maquinaria.

A PEDRA DE PENEIDRADA

Minas d'aquellas épocas remotas tamén s'atopan en Salave, nel conceyo de Tapia, ben cerca das qu'antias mencionéi. Por suposto, como antigo poble mineiro, tampouco Salave se libra da súa lleenda de tesouros con todo el lustre da presencia dos moros. Alló contra el mar, nun alpeirate enriba del cantil que mira al Cantábrico, hai úa pedra dereta que ten úa lleenda ben guapa y que deixo aquí según ma contóu Lolita de Porta, vecía del Picón de Campos (Tapia):

A mín esto contóumo mía bola, que moríu de cento cinco anos. Mía bola nun era nacida aquí, que víu de Presno, pero vivíu muios anos aquí. Víu de criada pa úa casa y despós casóu aquí en Campos. Eu inda vivín con ella muios anos y acórdome qu'íbamos allindar y contábame cousas. Pos había el dito de qu'esa pedra que ye chaman Peneidrada, allí hai úa pedra qu'é así y dentro ta el outra así dereta.

Eo nun sei si aquella pena nacéu allí, si la puxeron, si el mar la movéu p'allí... nun sei. Però eu xa fai muios anos que la vin y xa taba allí. Y podes darye un puxón á que ta dereta y nun cae. Porque lo intentaron, ¡eh!...peró nun foron quen.

Dicían que salía a noite de San Xuan úa paisana col pelo mui llargo, como úa sirena, peínándose y qu'el peine era d'ouro. Agora, eu el dicho ése xa nun lo séi. Por eso quixeron saber si taba el tesouro debaxo da pedra ou non. Entonces houbo un dito de que tía que ser con úa parexa de bois nacidos da mesma madre, xemelgos, nun quitaryes miga de lleite hasta el destete. A madre nun quitarye lleite, nin úa gota, toda la tían que tomar

ellos. Antias como fía falta el lleite pa comer nas casas pos ás veces quitábaseyes un pouco de lleite pal diario. Però si querías sacar a pedra del sito nun podías quitarye miga, y a primeira vez que se xoncesen pos había qu'ir con ellos allí á Peneidrada, tirar pola pedra, però nun te podías acordar de Dios en todo el camín. Y había qu'ir ás doce da noite.

Aquí nel Pico Cegueiro había un paisano que ye deu por querer sacar el tesouro, tuvo os xatos xemelgos, túvolos mamando da madre, crióulos como dicía el refrán y el primeiro día que los xoncéu botóu a andar pa tirar pola pedra ás doce da noite de San Xuan. Claro, os xatíos nun querían... os bois, que xa eran bois, nun querían andar porque era de noite y condo iban chegando á Peneidrada el home xa iba tan cansado de tirar polos bois que dixo:

– ¡Peró, me cago en Dios!

Y claro, ¡se jodió el asunto! Os bois nun tiraron pola pedra y nun puido fer a proba. El tesouro quedóu allí. El foi, amarróu y tiróu cos bois, però a pedra nun la moveron. Y el dito era ése, que nun se podía nomar a Dios. Y el conto érase ese.

Inda hai quen dice que si te subes al pico da pedra podes ver a ferradura del caballo d'un moro marcada allí na pedra. Esta lleenda ven a engordar el saco unde metemos os relatos que falan das riquezas dos antigos moros. Además




Fig. 3. A lleenda fala d'un tesouro d'ouro debaixo da pedra de Peneidrada

volve insistir na condición de nun poder nomar a Dios mentres se busca el tesouro, algo indispensable si se quer sacar daqué de debaixo da terra.

El afán por atopar un tesouro é desmedido nel chalgueiro, nun lo pode rome-diar. A Cristóbal Colón tamén ye pasóu, hasta tal punto que chegóu a dicir que «el ouro é el máspreciado tesouro, y el que lo posee fai todo lo que desea neste mundo». Éche verdá. Algo debe ter el ouro p'atraer a ún qu'inda nun fai tanto, xa metidos nel siglo XXI, houbo más d'ún que buscóu nas covas col fin d'atopar tales chalgas del Valle Feliz sin más éxito qu'el de recoyer latas de conservas y papel d'aluminio dos paquetes de tabaco que deixaron na zona os antigos mineiros qu'allí trabayaron nos anos antias da guerra civil.

A fiebre del ouro foi calmando y casi se pode dicir qu'os últimos buscadores da zona foron Quico de Fabín, col sou detector de metales por radiofrecuencia, Antonio de Sánchez y Benigno das Penas trabayando al antigo sistema de pico y pala. Este último nun deixaba muitas pistas del que taba fendo y sempre deu aparencia de nun atopar miga del cotizado mineral, pero dicen que con-do moríu, al recoyerye as cousas que tía na mesía de noite atoparon úa bolsía d'ouro en polvo. Outros dicen que nun foi tal. Según conta el sou neto Benito das Penas:

Nun atopaban miga d'ouro, ¡qué iban atopar! Lo primeiro y más importante... porque nun lo había. É verdá qu'entre a terra y as pedras aparecía un mineral que brillaba, sí, aparecido al ouro... pero nun era ouro.

Dende entós hasta hoi as únicas noticias que deixa el ouro nel occidente d'Asturias son os campeonatos de bateo que se celebran en Navelgas (Tinéu) y os intentos de grandes empresas pa explotar el yacimiento dos Lagos de Silva, en Salave (Tapia), anque eso xa será lletra pa outro capítulo menos romántico.

Más novos qu'os contos d'chalgas d'ouro son outros que tanto se llevan es-cuitado, y se repiten polos diferentes llugares d'estas terras, que falan de caxas de monedas que s'esconderon entre as pedras das paredes das casas en tempos da Guerra Civil. Sempre se conta qu'algún antepasado s'encargóu de poñer os aforros nel sito más seguro, escondidos nun furao da parede da casa feito a propósito, y que morréu sin dicir unde. Ben familias llevan pasado esta copla de xeneración en xeneración sin qu'aparezan os cuartos. Naide dice que fosen d'ou-ro, pero el interés por atopallos era el mesmo que despertaba nos chalgueiros. Estas historias tían éxito gracias al mesmo efecto que fía antiguamente el soño d'alcanzar tesouros d'ouro.

El efecto que produce esta zuna desmedida dos chalgueiros de buscar tesouros d'ouro ben pode entenderse si se valoran as cebergas que sinte por dentro cualquier investigador, etnógrafo ou aficionado a cultura asturiana cada vez qu'atopa algo interesante al fer úa entrevista. A sensación é tan agradable que t'impulsa a seguir buscando más. Algús d'esos tesouros da tradición oral da nosa terra que van aparecendo enchen hoi as páxinas d'esta publicación y nun se pode pechar esta llectura sin dar as gracias a os verdadeiros protagonistas de toda esta función: falo de toda a xente que pon os sous recordos a disposición de todo aquel que los quira escoitar.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ PEÑA, Alberto (2001): *Mitología asturiana*. Xixón, Picu Urriellu.
- ARRIETA, Miguel & Gonzalo GIL (2005): *Asturias legendaria*. Uviéu, Trea.
- FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ, Marcelino (1898): *El Franco y su concejo*. Uviéu, Canel Ediciones.
- VILLA VALDÉS, Ángel (1995): *Excavaciones arqueológicas de Asturias (1991-1994)*. Uviéu, Conseyería de Cultura del Principáu d'Asturies.
- (2009): «El Castro de Cabo Blanco – Valdepareas», n' *Excavaciones arqueológicas de Asturias (2003-2006)*:255-264.
- VILLAR, Martin de (2014): *Curandeiros, compostores y outros sanadores*. Uviéu, Trabe.
- (2018): *Había úa vez... 101 contos del conceyu del Franco*. Uviéu, Trabe.